



Escola de Tempo Libre
"OUFROUS"



EN CaMiño



Concello de Miño

Curso MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

O título de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre está regulado polo Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e polo Decreto 58/2012, de 12 de xaneiro, polo que se modifica (parte) do decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos do mercado interior. **É un título oficial emitido pola Xunta de Galicia**; ten coma obxectivo formar persoas capaces de realizar actividades de lecer, recreativas e socioculturais, tanto no tempo libre urbán como na natureza. Sendo monitor/a, poderás traballar con nenos, mocidade e maiores, en campamentos, comedores escolares, saídas, excursións, actividades extraescolares, ludotecas, etc... Se estás nunha asociación poderás ocuparte da animación e dinamización da mesma.

DATA DE INICIO DO CURSO. Comeza o sábado 29 de novembro 2025.

DATA FINAL DO CURSO. Remata o sábado 28 de febreiro de 2026.

FORMATO DO CURSO. Semi Presencial. 350 horas repartidas do seguinte xeito:

- **180 horas teórico-prácticas presenciais**; as clases presenciais serán na Aula de Formación situada na Casa do Pescador (rúa Curro 33, Miño). Outras clases presenciais (saídas e actividades fora da aula) desenvolveranse en diferentes espazos do municipio ou da comarca (sendeirismo, orientación, medio ambiente, campismo, etc...).
- **20 horas teóricas a distancia**;
- **150 horas de prácticas**; cada alumno/a terá un titor/a que orientará ó/a alumno/a do curso nas súas prácticas. As prácticas se desenvolverán unha vez se teña superada a fase teórico-práctica (o curso)

PRAZAS: Se require un mínimo de 16 alumnos para celebrar o curso (máximo de 25) . As persoas participantes deben ser maiores de idade e estar en posesión, polo menos, dalgún dos seguintes títulos: ESO, Graduado escolar ou Técnico auxiliar en formación profesional.

HORARIOS E DÍAS DAS CLASES: 9 a 14 horas e de 15,30 a 20,30 horas. O curso celébrase en fins de semana; as clases serán en sábados e domingos (ver o calendario). As clases a distancia serán a través de conexión en liña, en horario de tarde-noite.

O TÍTULO DE MONITOR/A: Para obter o título de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre deberás completar 2 fases; a primeira é a fase teórico-práctica (o curso) que ten unha duración de 200 horas lectivas. A segunda parte é a fase práctica, que dura 150 horas, e que poderás comezar unha vez superes a primeira fase (o curso). Unha vez completes ambas fases poderás obter o título oficial de monitor/a.

INSCRICIÓNS: Por orde de inscrición, ata ocupar prazas (mínimo de 16 alumnos/as)

DOCUMENTACIÓN NECESARIA: 1 foto carné, copia DNI, copia título académico, encher a ficha do curso, xustificante do prezo (documento que acredite o desconto, volante de empadronamento, etc...)

	XERAL
Tarifa xeral (empadroados)	250,00 euros
Suplemento non empadroado	30,00 euros
Desconto por ser colaborador/a ou voluntario/a da Fundación Fragas do Mandeo	20,00 euros
Desconto por Familia numerosa	20,00 euros
Desconto por desemprego	15,00 euros
Desconto por carné xove	10,00 euros

DATAS DAS CLASES PRESENCIAIS (en negra: domingos)	NOVEMBRO 2025: 29, 30 DECEMBRO 2025: 13, 14 , 20, 27, 28 XANEIRO 2026: 10, 17, 24, 25 , 31 FEBREIRO 2026: 7, 8 , 14, 21, 22 , 28
DATAS DAS CLASES A DISTANCIA	semana do 26/01 ao 01/02 do 2026 semana do 09/02 ao 15/02 do 2026

MAIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EN MIÑO (A CORUÑA)	
GALICIA EVENTOS e OCIO Escola de Tempo Libre "QUERQUS"	CONCELLO DE MIÑO
	981 784 405 – 981 782 659 Tlf. 627 459 382 cultura.deportes@concellodemino.gal